'Para os efectos oportunos suscribo o especificado no informe de data 13 de decembro de 2017 de inspección municipal'.

QUINTO.- As obras denunciadas foron obxecto de licenza municipal nº 25.021 e na actualidade as obras de ampliación son obxecto do expediente de obras nº 3224/2017, informado favorablemente polos técnicos municipais e deixado sobre a mesa pola Xunta de Goberno Local. En data 07.09.2017 remitiuse proposta á Xunta de Goberno Local para modificar a licenza autorizada nº 25.021. O proxecto de execución informouse favorablemente polo arquitecto municipal en data 31.08.2017.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Os artigos 154 e 158 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.*
- Os artigos 385 e 389 do regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado por decreto 143/2016, de 22 de setembro.*
- O artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*
- O artigo 127 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



PRIMEIRO.- O réxime xurídico de aplicación para a concesión da licenza denunciada foi o establecido na DT 1.c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de solo de Galicia de conformidade co cal, ao solos incluídos nos ámbitos dos núcleos ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia de Galicia aplícase integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

SEGUNDO.- A denuncia de data 04.12.2017 pola que se solicita a suspensión da licenza de obras autorizadas por Xunta de Goberno Local o 23 de xaneiro de 2017, en aplicación do artigo 154 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia se concreta nos seguintes aspectos (a presentada en data 10 de xullo de 2017 xa foi resolta declarando a improcedencia da súa resolución).

1.- Relata os antecedentes da edificación dos que resulta probado unha vez consultado no expediente que:

Por acordo da Comisión municipal de Goberno, en sesión de 1 de abril de 1993, se outorgou a A.P.B., licenza de obras para construír unha vivenda unifamiliar en Rodeira-Coiro, de 67,40 m²., de planta baixa, 67,40 m²., de primeiro andar e 34,09 m²., de terrazas e escaleira, de conformidade cos informes favorables da Comisión Provincial de Urbanismo, comisión e obras e técnico aparelador municipal de data 24.02.1993, 08.03.1993 e 06.11.1992.

2.- Sinala como feitos dimanantes dos antecedentes de feito que relata:

1.- A parcela obxecto da licenza de obras nº 14.720 non reunía a condición de solar ao non dar fronte á vía pública e, polo tanto, non era edificable.

Indican tamén que a finca conta cunha superficie de 1500,00 m²., e non 3594,00 m²., como indicaban no proxecto e polo tanto denuncian a falsidade documental do proxecto técnico que foi obxecto de licenza de obras en 1993.

2.- Que a parcela se situaba fóra do ámbito do núcleo de Rodeira e foi a que foi obxecto de licenza e autorización da CPU, alegando novamente falsidade en documento público ao situar a edificación nunha propiedade distinta á do solicitante unicamente para xustificar a situación no núcleo e o fronte a vía pública.

3.- 4.- A edificación realizada non se axusta ás determinacións establecidas nos proxectos e supera o número máximo de andares, incumpre a pendente permitida e supera a altura máxima de cumbrera.

5.- O cerramento non se sitúa a seis metros do eixo do camiño e non cede a porción destinada a camiño da Garita.

6.- As obras non son legalizables.

7.- A licenza nº 14720 está impregnada de reservas de dispensación.

8.- As obras ilegais están prescritas.

9.- As obras executadas están en situación de fóra de ordenación total e carecen de acomodo



na Ordenanza de conservación do aproveitamento, ao indicar que as obras finalizaron con posterioridade á entrada en vigor das normas subsidiarias, sen acreditar tal extremo.

10.- 11.- As obras exectuadas non teñen acomodo na Ordenanza de conservación do aproveitamento. A concesión da licenza de obras no expediente nº 25021 constitúe unha infracción grave, polo que debe darse traslado ao órgano xurisdiccional.

TERCEIRO.- En todo momento parte o denunciante de que situación da edificación é unha situación ilegal, pero o certo é que a licenza nº 14720 é firme e non foi recorrida perante a xurisdición competente e non existe ningún expediente de restauración da legalidade no Concello que acredite tal extremo.

O expediente nº 3224/2017 tramitouse baixo o abeiro do establecido no artigo 90, Disposición transitoria 1 c) da Lei do solo de Galicia e nas Normas subsidiarias de planeamento, ao tratarse dunha obra autorizada con anterioridade á entrada en vigor das normas subsidiarias de planeamento á que lle resulta de aplicación a Ordenanza de conservación do aproveitamento das Normas subsidiarias.

CUARTO.- O arquitecto municipal, ante a nova denuncia formulada, remitiuse aos informes precedentes do expediente nº 26.227 e sinalou xa en agosto de 2017.

“Para o caso que nos ocupa é de aplicación as determinacións establecidas ao respecto pola ordenanza de conservación de aproveitamento. Dita ordenanza permite a ampliación de edificacións existentes antes da entrada en vigor das NN.SS. municipais, ata o límite do cumprimento dos coeficientes de edificabilidade e ocupación propostos na ordenanza de aplicación (no caso que nos ocupa SNUA), eximindo do cumprimento de parámetros de configuración de parcela como por exemplo o fronte mínimo.

A aplicación da Ordenanza de conservación de aproveitamento é igualmente válida independentemente de cando se adquirira parte da parcela soporte da edificación obxeto de aplicación, xa que a súa regulación normativa só se refire á condición da edificación existente antes da súa entrada en vigor das NN.SS., en relación cos parámetros de configuración da parcela soporte desta’.

QUINTO.- O artigo 154 da Lei do solo de Galicia establece que:

‘O alcalde disporá a suspensión dos efectos dunha licenza ou orde de execución, e conseguintemente a paralización inmediata das obras iniciadas ao seu abeiro, cando o contido dos devanditos actos administrativos constitúan unha infracción urbanística grave ou moi grave, calquera que sexa a data de outorgamento da licenza, debendo, no prazo de dez días, darse traslado directo do acto suspendido ao órgano xurisdiccional competente, na forma e cos efectos previstos na lexislación reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. En todo caso, as licenzas ou ordes de execución contrarias ao ordenamento urbanístico haberán de ser revisadas a través dalgún dos procedementos de revisión de oficio previstos nos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou polo procedemento do artigo 127 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa’.

O propio Tribunal Supremo sinala (TS,3º,S 21 Marz.2006) que: ‘Para facer uso da potestade de suspender os efectos dunha licenza, conforme ao establecido nos artigos 186 LS 1976 e 184 D l 1/2000, de 8 de maio (TR das leis de ordenación do territorio e espazos naturais), non basta que a dita licenza se concedera con vulneración de determinados preceptos do



ordenamento xurídico que puideran acarrear a súa revisión de oficio ou a pedimento de calquera interesado, senon que é imprescindible que o outorgamento de tal licenza constituía una infracción urbanística grave, así definida ou tipificada legalmente, ou que infrinxa a zonificación o uso urbanístico das zonas verdes ou espazos libres previstos nos plans'.

Polo exposto, da documentación obrante no expediente e dos informes técnicos emitidos non se pode determinar a existencia dunha infracción grave ou moi graves na concesión da licenza de obras autorizada a 'BERTOPAZ SL', por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2017 (licenza nº 25.021) para ampliar unha vivenda unifamiliar en 75,75 m²., de planta baixa; e 75,75 m²., de primeiro andar, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta M.T.F.I. de data decembro de 2016 e polo tanto PROPONSE Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Non procede declarar a súa suspensión da licenza de obras autorizada a 'BERTOPAZ SL', por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2017 (licenza nº 25.021) para ampliar unha vivenda unifamiliar en 75,75 m²., de planta baixa e 75,75 m²., primeiro andar, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta M.T.F.I. de data decembro de 2016, ao abeiro do disposto no artigo 154 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. Ao resultar de aplicación o establecido no artigo 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo e Galicia e a Ordenanza de conservación do aproveitamento das normas subsidiarias de planeamento, vistos os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente.

A vivenda se identifica coa referencia catastral X e na ficha descritiva e gráfica do catastro aparece como ano de construción 1994.

Contra a presente resolución que ponn fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo perante o alcalde deste Concello, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa".

Expediente 6590/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6590/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "IGLESIAS SALUD SLU", con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, nº 22, titular do CIF nº X, para cambio de titularidade de almacén de artigos ortopédicos e sanitarios no local sito na Avda. de Vigo, nº 93-95 e rúa Alexandre Cribeiro, nº 12-Cangas (referencias catastrais X; X; X), que ata agora figuraba a nome de "Iglesias Morrazo SAU", de conformidade co informe favorable do arquitecto de data 7 de agosto de 2018.



Concello de Cangas

Expediente 4171/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4171/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por F.P.O., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa San José, nº 52-1ºA-Cangas, para adaptación de local sen actividade sito en rúa Andalucía, nº 2-baixo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada pola arquitecta técnica M.G.B. de data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a trece mil cento nove euros con noventa e catro céntimos (13.109,94 €).

Expediente 4028/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4028/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por S.J.S.S., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa A Torre, nº 13-Darbo, para cambio de tella en edificación existente sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico B.F.G. de data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a oito mil catrocentos euros (8.400,00 €).

Expediente 3922/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3922/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.O.L., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en lugar de Barreira, nº 42-Vilanova-O Hío, para cambio de cubrición, limpeza e encintado de paredes de pedra en edificación adxectiva sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico F.M.L. de data xullo de 2018. Acéptase a acta de renuncia ao incremento do valor expropiatorio que supoñen as obras recollidas na documentación obxecto da comunicación previa da que é obxecto este expediente. O presuposto de execución material ascende a tres mil novecentos doce euros con oitenta céntimos (3.912,80 €).

Expediente 4093/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4093/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS REDONDELA 6000, titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Redondela, nº 16-Cangas, para apertura de oco en forxado de cuberta de edificio sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

documentación presentada en data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a catro mil douscentos vinte e un euros (4.221,00 €).

Expediente 4344/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4344/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.B.C., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en lugar de Piñeiro, nº 6-Aldán, para formación de soleira de formigón sobre pavimento existente en vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada en data 31 agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil seiscientos vinte e cinco euros (2.625,00 €).

Expediente 4081/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4081/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS A XUNQUEIRA-CANGAS, titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Longán, nº 3-1º-Cangas, para saneamento de pilares en edificio sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada no expediente de data de agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a seiscientos euros (600,00 €).

Expediente 4160/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4160/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.N.P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Canexa, nº 23-Moaña, para reforma de baño e cociña en edificación existente sita na Avda. de Navegante, nº 12-Esc.2-4º dereita (Barrio de Nazaret) (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 17 de agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a cinco mil cento catro euros con cinco céntimos (5.104,05 €).

Expediente 4138/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4138/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.L.B.B., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en camiño da Choupana, nº 2-

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Darbo-Cangas, para construción de cerramento lindeiro de parcela sita en Camiño da Choupana (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada no expediente de data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a cincocentos vinte e seis euros (526,00 €).

Expediente 4226/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4226/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.N.P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Erbello á Madalena, nº 34 (Camiño do Souto) San Pedro-Darbo, para substitución de tella nunha parte da cuberta de vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada pola arquitecta M.T.F.I. de data agosto de 2018 e vista a autorización de Deputación de Pontevedra de data 9 de xullo de 2018. O presuposto de execución material ascende a setecentos oitenta e nove euros con noventa e cinco céntimos (789,95 €).

Expediente 1560/2018. Comunicación previa de apertura de actividade inocua

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1560/2018.- Dase conta da comunicación previa de actividade presentada por "WORLDWIDE FISHING COMPANY SL", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Arrecife, nº 8-entrechán, titular do CIF nº X, para desenvolver o traballo de oficinas sen atención o público da empresa destinada a compravenda de peixe conxelado no local sito en rúa Arrecife, nº 8-entrechán (referencia catastral X), vista a acta de comprobación favorable asinada polo arquitecto municipal de data 7 de setembro de 2018.

Expediente 2387/2018. Proposta de incoación de expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta de resolución de data 12.09.2018 emitida pola instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 2387/2018, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

M.R.G., instrutora designada polo alcalde do Concello, mediante proposta de Alcaldía de data 31 de maio do 2018, en relación co expediente sancionador , nº 2387/2018, que se está a tramitar neste Concello, emite a seguinte proposta de resolución visto os seguintes:

ANTECEDENTES

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



PRIMEIRO.- Por parte de 'TRANSPORTES LA UNIÓN SA', e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de estación de autobuses, obras sen licenza consistentes en: instalación de barreiras de acceso á estación de autobuses con licenza denegada nº 23139-A, sendo a instalación de carácter ilegalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 18 de setembro de 2012.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 4 de xuño do 2018, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar da estación de autobuses, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, poidendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal.

SEGUNDO.- Que 'TRANSPORTES LA UNIÓN SA', na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

TERCEIRO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía seiscientos un euros (601,00 €). Indicar ao interesado que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente redúceselle a contía da sanción nun 90%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no 88.7 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos procedementos de carácter sancionador, a proposta de resolución deberá ser notificada aos interesados nos termos previstos no artigo seguinte.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a 'TRANSPORTES LA UNIÓN SA', na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de seiscientos un euros (601,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Avda. Montero Ríos (estación de autobuses), consistentes en instalación de barreiras de acceso á estación de autobuses con licenza denegada nº 23139-A, sendo a instalación de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal.*

Avdírtese ao interesado que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016, reducirase na súa contía nun 50 por cento se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao



Concello de Cangas

exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo".

Expediente 4511/2018. Proposta de nomeamento de directora da obra “Modificado do acondicionamento de terreo no Igrexario-O Hío”

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este expediente retírase da orde do día por existir Decreto da Alcaldía de designación.

Expediente 4402/2018. Proposta de concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 07.09.2018 emitida polo concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Tomás Hermelo Álvarez en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas (Pontevedra).

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por N.M.Z.F., con NIE X e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica por importe de setecentos setenta e oito euros con sesenta e sete céntimos (778,67 €)".*

Expediente 4416/2018. Proposta de concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 11.09.2018 emitida polo concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Tomás Hermelo Álvarez en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas (Pontevedra).

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por M.R.D., con DNI nº X, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios,

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

proponse a seguinte resolución:

* *Concesión de axuda económica por importe de novecentos vinte e oito euros con dezanove céntimos (928,19 €)".*

Expediente 4113/2018. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local s/inicio de expediente de adxudicación dos postos vacantes no Mercado municipal de abastos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta emitida en data 11.09.2018 emitida pola concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a licitación de postos do Mercado municipal de abastos, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Considerando que na actualidade hai varios postos vacantes no Mercado municipal de abastos e que a súa ocupación contribuiría á creación de emprego, así como a dinamización do propio mercado.

Tendo en conta que tales postos están cualificados como bens de dominio público, desde esta concellería preténdese realizar una concesión administrativa de uso privativo de ditos postos, que serían:

- N° de postos peixe: 10.*
- N° postos pechados/carnicerías: 3.*

Dada as características dos bens e de cara a favorecer e garantir a libre concorrencia en condicións de igualdade para todos/todas os /as interesados/interesadas en ser adxudicatario/adxudicataria dalgún dos postos, parece que o procedemento mais axeitado é o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, e varios criterios de adxudicación.

Achégase a esta proposta a relación de postos baleiros, documento facilitado polo departamento de tesourería do Concello.

Por todo o anterior, PROPOÑO:

** Que se inicie a tramitación do oportuno expediente para a adxudicación dos postos vacantes no Mercado municipal de abastos".*

Proposta do concelleiro de mocidade e voluntariado s/aprobación de prezos públicos da Ludoteca Municipal (curso 2018/2019)

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas



Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 13.09.2018 emitida polo concelleiro de mocidade e voluntariado, referente a aprobación de prezos públicos da Ludoteca municipal, que é como segue:

"Andrés García Bastón, concelleiro de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas, propón a Xunta de Goberno Local os seguintes prezos para as cotas anuais da Ludoteca de inverno, que se desenvolverá na Casa da Xuventude, entre os meses de outubro de 2018 e maio de 2019.

A actividade que se ofrece desde a concellería de mocidade está pensada para nenos e nenas de entre 4 a 10 anos e desenvolverase de luns a xoves en horario de tarde, de 17:00 a 20:00 horas.

As prazas son limitadas e as inscricións serán recollidas por orde de chegada a partires do próximo 20 de setembro.

** COTA DE PARTICIPACIÓN POR DÚAS HORAS SEMANAIS: 25,00 €.*

** COTA DE PARTICIPACIÓN POR CATRO HORAS SEMANAIS: 40,00 €.*

** COTA DE PARTICIPACIÓN POR SEIS HORAS SEMANAIS: 50,00 €".*

Expediente 2217/2018. Proposta da Alcaldía s/xustificación de subvención concedida á "Asociación Cultural Xiria", pola actividade "XXXV Mostra Internacional de teatro cómico e festivo de Cangas"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía, referente a xustificación de subvención concedida á "Asociación Cultural XIRIA", pola actividade de "XXXV Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas", que di o seguinte:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que con data 7 de setembro de 2018 a 'Asociación Cultural Xiria', presentou xustificación da subvención por importe de quince mil euros (15.000,00 €), vinculada ao desenvolvemento da actividade 'XXXV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas', subvención documentada mediante convenio aprobado en Xunta de Goberno Local de data 11 de xuño de 2018 e prevista nominativamente no orzamento para 2018.



Concello de Cangas

Visto o informe de data 13.09.2018 de intervención que obra no expediente.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a xustificación da subvención realizada pola 'Asociación Cultural Xiria', vinculada ao desenvolvemento da actividade 'XXXV Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas', subvención documentada mediante convenio aprobado en Xunta de Goberno Local de data 11 de xuño de 2018 e prevista nominativamente no orzamento para 2018.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago da cantidade restante da subvención concedida, por un importe total de quince mil euros (15.000,00 €), dos que foi anticipada a contía de doce mil euros (12.000,00 €), mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xuño de 2018, por importe restante de tres mil euros (3.000,00 €).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ás persoas e departamentos interesados, para os efectos de prosecución do procedemento".

Expediente 4485/2018. Comunicación de xubilación de empregado municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito con rexistro de entrada nº 10685, de data do 11 de setembro de 2018, presentado polo empregado municipal, B.B.M., con DNI nº X, no que expón que o día 23 de setembro de 2018 cumpre os 65 anos e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder a xubilación ordinaria (por ter mais de 36 anos e 6 meses cotizados).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes adopta o seguinte:

Primeiro.- Tomar coñecemento da xubilación do empregado municipal, B.B.M., con DNI nº X e agradecer os seus servizos prestados durante a súa traxectoria laboral neste Concello.

Segundo.- Que polo departamento de persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación ordinaria.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850